

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE INDUSTRIAS DE LA ALIMENTACIÓN Y BEBIDAS (FIAB) ANOS 2024-2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Cándido Rial Rodríguez, director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten formalizado ca **Federación Española de Industrias de la Alimentación y Bebidas (FIAB)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 11 de setembro de 2024 ata o 31 de decembro de 2025, podendo prorrogarse previo acordo das partes antes da súa finalización por unha duración total non superior a catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e Federación Española de Industrias de la Alimentación y Bebidas (FIAB) para a realización de diversas accións que aseguren a proxección internacional dos produtos pesqueiros galegos e a promoción da internacionalización e o impulso das exportacións das empresas galegas do sector, mediante súa participación agrupada dentro do pabellón español naquelas feiras ou eventos de interese para a consellería que FIAB organice.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

COMPROMISOS DE FIAB:

Colaboración, coordinación e apoio á participación da Xunta de Galicia en actividades de promoción internacional tales coma os pavillóns agrupados españois xestionados por FIAB naquelas feiras internacionais de alimentación con relevancia para o sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, ou outras accións como misións de exportadores.



No caso das feiras internacionais, FIAB facilitará á Xunta de Galicia a súa integración dentro do espazo do Pavillón de España do que actúa como cesionario e organizador, ocupándose da xestión e coordinación da mesma coa entidade organizadora do evento a fin de poder facilitar un stand chave en man para a Xunta de Galicia e organizará este espazo para as empresas galegas participantes a través da Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia poderá personalizar este espazo conforme ás súas necesidades, incluíndo, por exemplo, imaxes na parte superior da caseta que mostren produtos característicos de Galicia ou incluír os seus logos en distintos elementos da caseta como rotulación ou mostradores.

Para o exercicio 2024, a Xunta de Galicia e FIAB decidiron colaborar nas seguintes actividades:

- PLMA ÁMSTERDAM que se celebrou en Ámsterdam (Países Baixos) os días 28 e 29 de maio de 2024.
- PLMA USA que terá lugar en Chicago (Estados Unidos) o 18 e 19 de novembro de 2024.

Para o exercicio 2025, a Xunta de Galicia e FIAB decidiron colaborar nas seguintes actividades, sempre que exista un número suficiente de empresas interesadas:

- WINTER FANCY FOOD que terá lugar en Las Vegas (Estados Unidos) do 19 ao 21 de xaneiro de 2025.
- IFE LONDON que terá lugar en Londres (Reino Unido) do 17 ao 19 de marzo de 2025.
- PLMA ÁMSTERDAM que terá lugar en Ámsterdam (Países Baixos) os días 20 e 21 de maio de 2024.
- SEOUL FOOD & HOTEL que terá lugar en Seúl (Corea do Sur) do 10 ao 13 xuño de 2025.
- PLMA USA que terá lugar en Chicago (Estados Unidos) en novembro de 2025.

A incorporación doutras actividades durante 2024, 2025 e posteriores exercicios, determinarase de común acordo entre a Xunta de Galicia e FIAB e concretarase no seo das distintas Comisións de Seguimento do Acordo.

FIAB poderá repercutir á Xunta de Galicia os custos nos que incorra para a xestión e contratación do espazo e servizos asociados ao mesmo cedidos á Xunta de Galicia dentro do Pavillón de España.



Colaboración para a organización de xornadas e seminarios formativos enfocadas ás empresas da Industria de Alimentos e Bebidas de Galicia.

Estas xornadas terán por obxecto informar e dotar de ferramentas prácticas ás empresas galegas do sector sobre mercados internacionais prioritarios e de interese para a Industria de Alimentos e Bebidas, as oportunidades de negocio que ofrecen e a estratexia máis axeitada para aprobeitalas. As accións concretas neste campo definiranse por FIAB e a Xunta de Galicia.

Outras iniciativas de impulso á internacionalización

FIAB ofrécese a colaborar de forma activa como entidade asesora especializada na área de Internacionalización de Alimentos e Bebidas da Xunta de Galicia. A Federación poderá proporcionar a súa experiencia na organización de actividades de promoción en mercados internacionais e en aspectos de interese de política comercial internacional relacionados coa exportación.

FIAB ofrece á Xunta de Galicia o acceso baixo demanda a toda a información non confidencial que xere o Departamento de Internacionalización e Política Comercial Internacional de FIAB, como, por exemplo, as circulares informativas sobre cuestións de actualidade e interese nesta área.

Outras iniciativas de comunicación

FIAB dará a coñecer a firma deste Acordo de Colaboración a través de nota de prensa e outras canles de comunicación internos e externos dos que dispón a Federación (páxina web, intranet, redes sociais etc.) no que se destacará o pulo que para a internacionalización da Industria de Alimentos e Bebidas galega supón este acordo de Colaboración.

COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA:

Impulso do asociacionismo entre as empresas galegas da Industria de Alimentos e Bebidas.



A Xunta de Galicia dará a coñecer ás empresas galegas da Industria de Alimentos e Bebidas a actividade de FIAB como organización patronal representante deste sector e os seus intereses en España.

Ademais, impulsará entre as súas empresas a posibilidade de asociarse a algunha das 44 asociacións sectoriais que forman parte de FIAB. Para iso, poñerá en contacto a FIAB coas empresas interesadas para que desde a Federación poida facerse un seguimento desta cuestión.

Información ás empresas da Industria de Alimentos e Bebidas de Galicia do contido deste acordo e impulso da participación nas actividades especificadas no mesmo

A Xunta de Galicia dará a coñecer entre as súas empresas as actividades previstas no marco deste acordo de Colaboración.

En concreto, informará as empresas galegas sobre a posibilidade de participación nas feiras nas que FIAB organiza o pavillón agrupado español e outras actividades de promoción e formación detalladas na cláusula PRIMEIRA.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.



A Federación Española de Industrias de Alimentación e Bebidas (FIAB), organización sen ánimo de lucro constituída o 13 de xuño de 1977, segundo se recolle nos seus estatutos vixentes, ten como obxectivo e fins emprender cantas accións sexan necesarias para promover e realizar todo o que en materia económica, social, técnica e científica, contribúa a promover ao sector das industrias de alimentación e bebidas, tanto no ámbito nacional como internacional.

ICEX España Exportación e Inversiones é unha entidade pública empresarial de ámbito nacional que ten como misión promover a internacionalización das empresas españolas e a promoción da inversión estranxeira, sendo titular do deseño do Pavillón de España que esta entidade organiza nas feiras internacionais ás que asiste coa finalidade de axuntar as empresas españolas, e ten tódolos dereitos para outorgar licenzas de utilización do dito deseño, así como para autorizar a incorporación do mesmo nas feiras internacionais nas que a FIAB participe con fins de promoción das empresas españolas no exterior.

FIAB, por medio da Resolución de 29 de setembro de 2022, de ICEX España Exportación e Inversiones, E.P.E., pola que se publicita o Convenio coa Federación Española de Industrias de Alimentación e Bebidas, para a utilización do deseño do pavillón de España en actividades de internacionalización empresarial, pasou a ser a única entidade que organiza o pavillón español nalgunhas das feiras máis relevantes no sector de alimentación. Este acordo exclúe a existencia doutras entidades que poidan ofrecer a opción de participar baixo pavillón español naqueles eventos acordados entre ICEX e FIAB.

A Consellería do Mar e a FIAB están interesadas en establecer unha relación de colaboración mutua que consista na utilización conxunta do Deseño do Pavillón de España nas feiras internacionais e accións de fomento da internacionalización empresarial, que se materialice a través da colaboración con FIAB para o aproveitamento por parte da Consellería do Mar do dereito de uso do Deseño do Pavillón de España cedido por ICEX E.E.I. a FIAB, de xeito que a súa presenza nas feiras internacionais no exterior poida presentarse baixo unha imaxe común.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela,

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Cándido Rial Rodríguez

